

Dirección da xornada:

Verónica Martínez Barbero. Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

María Asunción López Arranz. Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Facultade de Ciencias do Traballo da Coruña

Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar aforo

Persoas destinatarias:

- Alumnas e alumnos da Facultade de Ciencias do Traballo e, en xeral, da Universidade da Coruña
- Organizacións empresariais e sindicais.
- Avogados/as e Graduados/as Sociais
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta

Inscricións:

As inscricións, que serán gratuitas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 30 de outubro ao 14 de novembro de 2017, nos seguintes lugares:

Facultade de Ciencias do Traballo da UDC. Campus de Esteiro. Ferrol

Consello Galego de Relacións Laborais. Rúa Algalia de Abaixo, 24. Santiago de Compostela

Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada

XORNADA**“NOVAS CUESTIÓNS XURÍDICO-LABORAIS A EXAME”****Información e inscricións:****Consello Galego de Relacións Laborais**

Tfno. 981 957 489

Fax: 981 541 610

e-mail:

maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal

**Facultade de Ciencias do Traballo.
Universidade da Coruña**

Tfno. 981 337 400. Ext. 3577

Fax: 981 337 422

e-mail: decanato.fct@udc.es

XORNADAS 2017**NOVAS CUESTIÓNS
XURÍDICO-LABORAIS
A EXAME****Ferrol - 15 de novembro de 2017**

Facultade de Ciencias do Traballo da UDC

Campus Universitario de Esteiro, r/ San Ramón s/n

NOVAS CUESTIÓNS XURÍDICO-LABORAIS A EXAME

Organiza:

Consello Galego de Relacións Laborais
Facultade de Ciencias do Traballo da
Universidade da Coruña

Data:

15 de novembro de 2017

Lugar:

Salón de actos do Campus Universitario
de Esteiro da UDC. r/ San Ramón s/n
15403 Ferrol.

Mércores 15 de novembro de 2017

9:15 Entrega documentación

9:30 Inauguración

9:45 Conferencia:

O piar europeo de dereitos sociais. Especial referencia á importancia do dereito de negociación e acción colectiva

Eduardo Rojo Torrecilla

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Autónoma de Barcelona

10:45 Coloquio

11:00 Mesa redonda:

Presente e futuro do sistema público de pensións

Representantes da CEG e de UGT-Galicia, SN de CCOO de Galicia e CIG

12:00 Coloquio

12:15 Pausa-café

12:45 Conferencia:

Despedimentos discriminatorios: novidades a propósito da discapacidade, a idade e a relixión

Yolanda Maneiro Vázquez

Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela

13:45 Coloquio

14:00 Remate da xornada

A xornada NOVAS CUESTIÓNS XURÍDICO-LABORAIS A EXAME, terá unha duración de 5 horas presenciais e 5 horas “on line”. Todas aquelas persoas que o desexen obter o diploma de 10 horas terán que presentar un traballo de análise e valoración dos temas tratados na xornada nos seguintes 7 días, ao fin dos cales daráselles un diploma acreditativo (Os traballos presentaranse no seguinte enderezo: a.larranz@udc.es).

RESUMO DA XORNADA

A Resolución do Parlamento Europeo, do 19 de xaneiro de 2017, sobre un piar europeo de dereitos sociais, introduce propostas concretas e un amplo debate entre os interlocutores sociais, os Gobernos e Parlamentos nacionais, a sociedade civil e as institucións da Unión sobre o porvir e a estrutura dun modelo social europeo para o futuro. Os principios e dereitos consagrados no piar están estruturados ao redor de tres categorías: igualdade de oportunidades e acceso ao mercado de traballo, condicións equitativas de traballo e protección e inclusión sociais. O Parlamento Europeo pide a elaboración dunha Directiva marco “sobre unhas condicións de traballo dignas en todas as formas de emprego, garantindo a todos os traballadores un conxunto básico de dereitos esixibles, entre os que figurarían o dereito á negociación colectiva e á acción colectiva.

Por outro lado debaterase sobre o presente e futuro do sistema público de pensións e tamén sobre a influencia da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza como motor de cambio no noso Dereito interno, que é indiscutible nos últimos tempos. Coñeceremos as recentes sentenzas europeas en materia de despedimento discriminatorio por enfermidade, idade e relixión que poden condicionar, sen dúbida, a actuación dos nosos tribunais e abrir portas pouco exploradas ata o momento. Non son causas novas nin descoñecidas entre nós, pero a súa recepción polos tribunais españois non está a ser nin uniforme nin pacífica.

Profesionais especialistas na materia e representantes das organizacións sindicais e empresarial máis representativas de Galicia tratarán de responder a estas e outras cuestións.

É función do Consello Galego de Relacións Laborais promover e fomentar o debate social en cuestións de actualidade. De aí, a realización desta xornada, que xorde cunha vocación de utilidade pública, de formación, difusión e debate neste sempre cambiante mundo das relacións laborais.